


Educación Secundaria
Obrigatoria

Xoves Cidadáns

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos



**Novos
contidos 2012**



Javier Pérez Carrasco
Carmen Díaz Otero
José Manuel Díaz Fleitas



Educación Secundaria
Obrigatoria

Xoves Cidadáns

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos



PEARSON



DIRECTORA EDITORIAL

Adriana Gómez-Arnau Díaz-Cañabate

XERENTE EDITORIAL

Fadel Akhamlich Campos

EDITORIA

Carmina Pérez Canet

DIRECTORA DE PRODUCCIÓN

Marta Illescas Núñez

XEFE DE DESEÑO

Luis M. Turnes Plasencia

COORDINADORA DE PRODUCCIÓN

Tini Cardoso Caballero

TÉCNICOS SÉNIOR DE PRODUCCIÓN

Isabel Muñoz Collado,
Irene Iriarte Díez

© PEARSON EDUCACIÓN, S.A., 2012

Ribera del Loira, 28, 28042 Madrid

Javier Pérez Carrasco, Carmen Díaz Otero
y José Manuel Díaz Fleitas, 2012

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual (arts. 270 e sgts. Código Penal). Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos - www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

MAQUETACIÓN

Sergio Sánchez Gómez

TRADUCCIÓN E REVISIÓN

Lorena Pereiras Reza





índice



1. O Estado español	6
1. A cidadanía española	
2. A economía de libre mercado: dereitos e deberes	
3. O sistema electoral español	
4. A solidariedade no Estado español	
2. Conflitos e dereitos	17
1. Os conflitos armados no mundo actual	
2. Os Dereitos Humanos na guerra e na paz	
3. Novas formas de relación e ocio	20
1. Ocio, saúde e uso das novas tecnoloxías	
2. A contaminación acústica	



1 O ESTADO ESPAÑOL

Claves de lectura

1. ¿Que é a nacionalidade?
2. ¿Como se obtén a nacionalidade española?

Busca no texto as claves para responder.

1 A CIDADANÍA ESPAÑOLA

Cando estamos nun país estranxeiro e nos presentamos, aclaramos a nosa nacionalidade: español, marroquí, francés... Pero, ¿que significa ser cidadán dun país? ¿Como se adquire o estatuto de cidadanía?

A **ciudadanía** é un vínculo xurídico, é dicir, un vínculo establecido por unha Lei, entre un Estado, por exemplo, España, e unha persoa. Este vínculo supón:

- Para a persoa, poder esixir ao Estado que cumpra cos dereitos que o Estado reconece, normalmente no seu texto constitucional.
- Para o Estado, poder esixir á persoa os deberes previstos para os cidadáns, como por exemplo, pagar impostos.

¿Como se adquire a nacionalidade española? Segundo informa o noso Ministerio de Xustiza, os procesos son os seguintes:

MODALIDADE DE NACIONALIDADE	REQUISITOS
Por residencia	Residencia da persoa en España durante dez anos de forma legal, continuada e inmediatamente anterior á petición.
Por carta de natureza	A que o goberno outorga discrecionalmente cando acontecen causas excepcionais: alguén que defendeu a España na comunidade internacional.
Para españois de orixe	• Os nados de pai ou nai española. • Os nados en España cando sexan fillos de pais estranxeiros se, polo menos un dos pais, naceu en España (exceptúanse os fillos de diplomáticos).
Por posesión de estado	Terá dereito á nacionalidade española aquela persoa que posúe e utilízase esta nacionalidade durante dez anos, de forma continuada, de boa fe (sen que teña coñecemento da situación real, é dicir, de que non é español en realidade), en base a un título inscrito no Rexistro Civil.
Por opción	Poderán acollerse aquelas persoas: • Que estean ou estivesen suxeitos á patria potestade dun español. • Cuxo pai ou nai fora español e nacera en España.

Toda nacionalidade se representa a través duns símbolos que acostuman ser: unha **bandeira**, un escudo e un himno, os de España coñécelos pola túa materia de Ciencias Sociais. A bandeira española é o símbolo nacional máis importante de España, e o seu deseño establécese na Constitución (artigo 4), así coma a súa compatibilidade coas distintas bandeiras e símbolos autonómicos, coma a senyera ou a ikurriña.

Actividades

1. Investiga: ¿é posible ter, ademais da española, outra nacionalidade?



2 A ECONOMÍA DE LIBRE MERCADO: DEREITOS E DEBERES

Como xa estudaches na Unidade 4 de Xoves cidadáns, a nosa Constitución opta por unha economía de libre mercado orientada ao ben común. Esta economía propón un réxime de propiedade determinado, e unhas determinadas relacións entre empresarios, traballadores e consumidores que vamos a analizar brevemente.

A nosa Constitución reconece a propiedade privada, se ben afirma que a súa **función social**, é dicir, os intereses privados (dalgúns) nunca se poden comprometer cos intereses públicos (de todos).

E por iso, pódese expropiar, con xusta indemnización, un ben que sexa privado. Hai que recordar aquí que os bens que son propiedade privada son de moi diferentes tipos: bens inmobles (por exemplo, terras); mobles (coma barcos); e tamén bens intelectuais (libros, partituras, etc.). E, do mesmo xeito que non nos gusta que nos rouben o móbil, tampouco aos seus autores lles gusta que se apropien do libro que escribiron ou da canción que compuxeron. A **propiedade intelectual** privada merece o mesmo respecto que calquera outra propiedade, xa sexan casas, ordenadores ou calquera outro tipo de ben.

Nun Estado de economía de mercado, coma o español, a maior parte da iniciativa económica protagonízaa a sociedade civil: os empresarios e os comerciantes. A función social dos empresarios é moi importante:

- Os seus produtos responden, ou non, ás demandas dos consumidores; é o enorme risco que asumen.
- A súa competencia mellora a eficacia nos mecanismos de produción e distribución de bens.
- Protagonizan políticas de investigación e innovación.
- Xeran postos de traballo.

Por todo iso, é de subliñar a importancia das empresas na mellora da calidade de vida dun Estado, e das persoas que asumen o risco da iniciativa empresarial e comercial: os **empresarios**. Agora ben, as empresas, coma todos os cidadáns, teñen unha responsabilidade social que podemos resumir en que deben:

- Ter en conta, ademais dos intereses dos seus accionistas, os dos consumidores e traballadores: é o chamado «balance social».
- Fomentar a **estabilidade laboral**, que facilita a integración social e o desenvolvemento dos proxectos persoais.
- Ter sistemas de promoción interna xustos, que non haxa enchufados, que non se ascenda aos menos aptos, etc.
- Respetar a lexislación de impacto e a protección medioambiental.

Claves de lectura

1. ¿Cal é o valor social dos emprendedores?
2. ¿Que dereitos e deberes teñen os consumidores?

Busca no texto as claves para responder.

En Internet

O privado non é só a propiedade. Tamén falamos dun ámbito privado cando nos referimos a aquel que ninguén (e este «ninguén» inclúe tanto as forzas de orde pública coma os medios de comunicación) pode violar sen o noso consentimento previo ou ben sen previa orde xudicial xustificada (por exemplo, cando se está a investigar un delito).

Por certo, se estás nun parque público cos teus amigos, ¿sabes se un medio de comunicación te pode gravar sen o teu permiso?

- ♦ Busca na rede a resposta.





Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

Obviamente, na súa relación cos empresarios, os traballadores tamén teñen que comportarse de forma responsable: ser profesionais no seu desempeño; afrontar o reto da súa formación permantente; ser leais na súa relación co empresario, etc. En definitiva, ver respectados os seus dereitos escrupulosamente á par que cumpren cos seus deberes de maneira honesta.

E, por suposto, tamén os consumidores teñen, nun estado social e democrático coma o noso, dereitos e deberes.

Os dereitos dos consumidores teñen que ver, sobre todo, con que o Estado, a través dos seus órganos competentes, garanta:

- Que aquilo que os consumidores compran sexa realmente o que o comprador, a publicidade e o etiquetado din vender.
- As garantías do produto: as súas condicións de devolución...
- A información relevante sobre o seu proceso de produción e distribución respecto ecolóxico e aos dereitos dos traballadores, base do comercio xusto.

Pola súa parte, os consumidores teñen o deber de exercer un consumo responsable, é dicir, un consumo no que, dentro dos marxes permitidos pola lei, non se prexudique a terceiros –como acontece, por exemplo, cos ruídos do «botellón», as motos sen silenciador, fumar onde non está permitido, etc.

Actividades

1. ¿Que son os emprendedores? ¿Pensaches algunha vez en crear unha empresa? ¿Por que? Xustifica a túa resposta.
2. ¿Cres que se respectan os teus dereitos como consumidor?
3. Os cantautores arxentinos Alberto Cortez e Facundo Cabral compuxeron esta famosísima canción titulada «No me llames extranjero», que cantaban coma un diálogo entre os dous.

Alberto Cortez

No me llames extranjero, porque haya nacido lejos
o porque tenga otro nombre la tierra de donde vengo.
No me llames extranjero, porque fue distinto el seno
o porque acunó mi infancia otro idioma de los cuentos.

No me llames extranjero, si del amor de una madre
tuvimos la misma luz, en el canto y en el beso
con que nos sueñan iguales, las madres contra su pecho.

No me llames extranjero, ni pienses de dónde vengo,
mejor saber dónde vamos, a dónde nos lleva el tiempo.
No me llames extranjero, porque tu pan y tu fuego
calman mi hambre y mi frío, y me cobija tu techo.

No me llames extranjero, tu trigo es como mi trigo,
tu mano como la mía, tu fuego como mi fuego
y el hambre no avisa nunca, y va cambiando de dueño.

Facundo Cabral

(Y me llamas extranjero porque me trajo un camino,
porque nací en otro pueblo, porque conocí otros mares.
Y un día zarpé de otro puerto, si siempre quedan iguales
el adiós, los pañuelos, las pupilas borrosas de los que
dejamos lejos, los amigos que nos nombran,
y son iguales los rezos y el amor de la que sueña
con el día del regreso. No, no me llames extranjero,
traemos el mismo grito, el mismo cansancio
viejo que viene arrastrando el hombre desde
el fondo de los tiempos, cuando no existían fronteras,
antes que vinieran ellos, los que dividen y matan,
los que roban, los que mienten,
los que venden nuestros sueños, ellos son
los que inventaron esta palabra, «Extranjero».)

(O texto da canción deixouse na súa lingua orixinal
para que manteña todo o seu sentido).





- a) Segundo a letra da canción, ¿por que consideramos a alguén estranxeiro?
 - b) E, sempre segundo a letra, ¿por que non debemos chamar a ningún estranxeiro?
 - c) ¿Que cres que significa o verso: *Y el hambre no avisa nunca, y va cambiando de dueño*?
 - d) Busca no dicionario a etimoloxía da palabra «estranxeiro»: ¿párecete razoable a asociación? ¿Que relación atopas entre a etimoloxía da palabra e a letra da canción que reproducimos?
4. No seu artigo 35, a Constitución española reconece o deber de traballar. Supoñamos que unha persoa herda a fortuna suficiente coma para vivir, sen desempeñar ningún oficio, dos intereses do seu capital. ¿Está incumprindo o artigo 35 da Constitución? Este comportamento: ¿debería estar ou non penado pola lei?
5. Xa sabes que Pablo e Marta, como bos amigos que son, discuten a miúdo. Le o seguinte debate e contesta ás preguntas:



Pablo: O meu tío, o da zapatería, di que está farto das leis laborais deste país, que só favorecen aos obreiros, e prexudican sempre aos comerciantes que, coma el, dan traballo.

Marta: Pois a min paréceme todo o contrario. O que ten a tixola polo mango é o empresario e, se non te andas con ollo e fas todo o que che mande sen chial, bótate á rúa sen pensalo dúas veces...

P: Pois iso fixo o meu tío, botar á rúa a un dependente folgazán que non daba nin golpe alegando un día problemas de costas; outro, que estaba deprimido; outro, gripe... Resultado: o xuíz obrigouno a readmitilo e a pagarlle, ademais, unha indemnización. ¡Vaia cara!

M: Digo eu que o xuíz non obraría así porque lle deu a gana. Hai unha inspección laboral que determina se as baixas están ou non xustificadas. Ademais, cando un traballador está de baixa sáelle caro, porque cobra moito menos: total, que se está de baixa será por algo...

P: Pois será, mais o meu tío é un pequeno comerciante que non pode permitirse contratar a un suplente e tampouco pode prescindir dun empregado así porque si... Ao traballador interésalle que a empresa ou o comercio vaian ben, polo que, se toca sacrificarse un pouco...

M: ¿E párecete pouco sacrificio ficar sen traballo? ¿Esqueces que neste país hai millóns de parados e un montón de familias onde non entra ningún ingreso coñecido?

- a) ¿Que opinión teñen Pablo e Marta das relacións entre empresarios e obreiros? ¿Con cal estás máis de acordo?
- b) ¿A quen cres que está afectando máis a crise económica, aos empresarios e aos traballadores?
- c) Os empresarios e os traballadores, ¿teñen intereses enfrontados ou comúns?



6. O artigo 51 da nosa Constitución di:

- | | |
|--|--|
| <p>1. Os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.</p> | <p>2. Os poderes públicos promoverán a información e a educación dos consumidores e usuarios, fomentarán as súas organizacións e oírán a estas nas cuestións que poidan afectar a aqueles, nos termos que a lei estableza.</p> |
|--|--|

¿Que iniciativas hai no teu centro educativo que respondan a este mandato constitucional?

7. Falamos da propiedade privada intelectual, asunto que, como non podía ser doutro modo, provoca un «tenso intercambio de ideas» entre Pablo e Marta. Animámosvos a que o leades e a que, tendo en conta os seus argumentos, debatades en clase sobre: pirateo, ¿si ou non?

Marta: Invítote a ver en casa a última de Twilight (crepúsculo), Breaking Dawn (amanhecer): ¿apúntaste? Veñen tamén Raquel, Carlos e Berenguela...

Pablo: ¿E pagaches os 16 euros que custa o vídeo ou collíchela no videoclub?

M: Nin o un nin o outro, baixeina.

P: Queres dicir, que a roubaches...

M: De roubar nada, colega, un amigo comprouna e colgouna na rede para que os da peña nola descarguemos se queremos. É un xenio da informática.

P: Pois o xenio da informática estase a cargar o que os economistas chaman valor marxinal: o que poderías vender, pero non vendes porque os listos dedicádesvos a piratear os filmes. Así, perden os autores, os produtores, as salas de cine, os videoclubs...

M: Mira que es pesadiño. As produtoras son unhas ladroas, cobran unha barbaridade polos filmes. Igual que os cinemas: ¿quen ten sete euros para ir? Ademais, os autores fanse famosos e, así, para a próxima, poden cobrar máis polos seus produtos. Un favor que lles facemos...

P: Pois eu sei de moitos autores aos que non lles fai ningunha graza non poder vivir do seu traballo...

M: ¡Esaxerado! Aquí non se trata de facer diñeiro coas copias, senón de prestar algo que é teu aos colegas, e algo que non me compraría xamais ao prezo que o venden. ¡Que poñan os filmes a 50 céntimos e verás! Ademais, faino todo o mundo. A ver se cres que vou quedar de parva.

P: Pois o que vai quedar de parvo son eu, porque négome a ver filmes pirateados. Que o disfrutes, experta...

M: Adeus, pailán.



3 O SISTEMA ELECTORAL ESPAÑOL

3.1. FUNCIONAMENTO DO SISTEMA ELECTORAL ESPAÑOL

O sistema electoral garante un dos pilares básicos da democracia: a representatividade. Como estudaches na Unidade 4, o pobo exerce a súa soberanía co sufraxio universal: mediante **votación directa**, a cidadanía elixe aos seus representantes nas Cámaras nas que se organiza o poder lexislativo: o Senado e o Congreso dos Deputados, que forman o Parlamento; os diferentes parlamentos autonómicos; e os representantes de España no Parlamento Europeo.

Ademais, a nivel local, tamén se celebran as eleccións para elixir concelleiros nos municipios (e indirectamente a representantes de Deputacións e Cabildos, cuxo detalle podes comprobar no Cadernillo correspondente da túa Comunidade Autónoma).

Se ben aínda non podes participar, notarías que as diferentes eleccións non se celebran ao mesmo tempo: aínda que o mandato legal dos nosos representantes é de catro anos (período denominado «**lexislatura**»), nalgunhas situacións especiais, como a falta de acordo para lograr maiorías estables de goberno ou situacións críticas que aconsellen renovar a representación política, o Parlamento nacional pode ser disolto polo Presidente do goberno, e das Autonomías polos seus respectivos presidentes, e convocar eleccións anticipadas.

En cada elección participa a **ciudadanía con dereitos civís** (que non foi privada do dereito ao voto por sentenza xudicial) no ámbito propio de representación: é o corpo electoral de cada proceso. En España, a idade legal para participar nas eleccións coincide coa maioría de idade: 18 anos. Na elección, a cantidade de representantes distribúense por grupos de poboación denominados «circunscrición».

No proceso electoral, os candidatos han de formar parte de listas de partidos políticos ou agrupacións electorais. Os electores votamos **listas pechadas** (salvo para o Senado), é dicir, non podemos seleccionar candidatos, senón votar a todos os que aparecen na papeleta. Só conseguen representación as listas que alcancen unha porcentaxe determinada de votos denominada «barreira electoral».

O noso sistema electoral distribúe os representantes de forma proporcional cun complexo procedemento que favorece a formación de maiorías, é dicir, outorga progresivamente máis representantes a quen obtén máis votos: é o denominado sistema D'Hont. A esta característica do sistema electoral denomínaselle **proporcionalidade**.

Claves de lectura

1. ¿Cales son os procedementos básicos do sistema electoral español?
2. ¿Que é a «opinión pública»? ¿Que relación ten coa democracia?
3. ¿Por que é necesaria para a democracia a transparencia na xestión pública?

Busca no texto as claves para responder.

En Internet

Podes consultar un gráfico animado sobre o sistema D'Hont nesta dirección:

<http://www.elmundo.es/eleccion2000/cifras/graficodhont.html>



Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

Nesta táboa tes recompiladas as características das eleccións nos diversos parlamentos e nos Concellos:

ELECCIÓN	PERÍODO EN AÑOS	CORPO ELECTORAL	CIRCUNSCRICIÓN	LISTAS	ANTICIPABLE	BARREIRA ELECTORAL
Parlamento nacional	4	Todos os nacionais censados	Provincia ou illa	Congreso pechadas Senado: abertas	Si (mínimo, un ano)	3 %
Parlamentos autonómicos	4	Nacionais censados na C.A.	Variable segundo CC.AA.	Pechadas	Si (mínimo, un ano)	Variable segundo CC.AA.
Parlamento Europeo	5	Nacionais e cidadáns da UE censados en España	España circunscrición única	Pechadas	Non	Non
Concellos	4	Nacionais e estranxeiros censados no municipio da UE e países con acordos recíprocos	Municipio	Pechadas	Non	5 %

Antes das eleccións, os partidos fan campaña dos seus programas e candidatos durante dúas semanas ata o día anterior á elección. O Estado garante a fiabilidade e imparcialidade de todo o proceso:

- Imprime e distribúe papeletas e sobres en cantidade suficiente.
- Dispón de colexios electorais, proporciona urnas para o voto e prepara cabinas que garantan o carácter segredo do voto.
- Nomea por sorteo (a través dos Concellos), a quen forman parte das mesas electorais, que comprobarán quen deposita as papeletas e farán o recuento dos votos.
- Garante o recuento imparcial, a distribución proporcional e a legalidade de todos os procedementos mediante a vixilancia das Xuntas Electorais, tuteladas polo poder xudicial.

3.2. A OPINIÓN PÚBLICA

O funcionamento do sistema democrático esixe un constante coñecemento por parte dos representantes do que pensa a cidadanía sobre asuntos que afectan á nación. Por iso, a «opinión pública» é o conxunto das opinións sobre cuestións de interese para a cidadanía expresadas **de modo libre e público**, por medios e xentes alleas ás estruturas do poder político, coa intención de influír ou determinar as accións dos gobernos (nacionais, autonómicos e municipais) e dos representantes no poder lexislativo. Para iso é indispensable que o réxime democrático garanta os dereitos e liberdades de opinión, expresión, reunión e manifestación.



Como podes imaxinar, nos réximes totalitarios non existe opinión pública, senón só a versión oficial dos gobernos autoritarios.

A opinión pública constitúe un medio de **vixilancia e control** do funcionamento e representatividade das institucións democráticas. O sufraxio universal é o principal canle de expresión regulado da opinión pública. As consultas directas poden adquirir dúas vertentes:

- As **eleccións**, nas que o pobo pode depoñer a representantes e gobernantes, segundo o grado de acordo ou desacordo coa súa xestión política na lexislatura e as súas posteriores propostas.
- Os **referendos**, nos que mediante votación se pronuncia con respecto a unha pregunta que formula o Goberno sobre cuestións esenciais (reforma constitucional, estatutos de autonomía, etc.).

Pero, ademais dos canles anteriores, a cidadanía pode darse a coñecer coma opinión pública **activamente** mediante distintas formas:

- Publicación e adhesión a manifestos en medios públicos.
- Convocatoria de manifestacións polos denominados «axentes sociais» (asociacións, partidos políticos, sindicatos).
- Participacións en folgas laborais ou políticas (folga xeral).
- Mobilizacións e concentracións espontáneas (como, por exemplo, o movemento 15M).

Para que a cidadanía se forme como opinión pública, os medios de comunicación son fundamentais. Tamén resulta imprescindible a súa imparcialidade informativa. Doutro modo, a información convértese en propaganda: manipulación deliberada de feitos para dirixir cara a determinadas opinións interesadas que inflúen en accións da opinión pública.

3.3. O DEBER DE TRANSPARENCIA NA XESTIÓN PÚBLICA

Para formarse unha opinión racional sobre os asuntos que importan á comunidade, a cidadanía debe coñecer e poder contrastar non só diferentes opinións (para o cal resulta imprescindible a existencia de medios de comunicación libres e plurais), senón que debe poder acceder a **datos fiables da xestión pública**: quen toma as decisións, que intereses particulares pode haber nesa toma de decisións, como se distribúe o presuposto público, cales son os criterios de gasto, etc.

A transparencia na xestión pública é, polo tanto, unha **obriga democrática** que contribúe á formación da opinión pública. Pero, ademais, combate a corrupción ao poñer de manifesto os posibles manexos ilegais, ocultos ou interesados nas decisións políticas.

Opinión pública e enquisas

A mediados do século xx, comenaron a desenvolverse métodos de enquisas que permitían recoller datos de modo sistemático dun amplo e variado sector da cidadanía cunha selección relativamente imparcial e representativa da poboación. Dende entón, as sondaxes demoscópicas convertéronse en instrumentos habituais para coñecer a opinión pública.

Non obstante, como acontece ás veces pola súa disparidade cos resultados electorais reais, o grao de representatividade das enquisas non sempre é determinante nin poden suplantar as consultas electorais.

♦ Consulta a páxina do CIS (www.cis.es) e elabora un breve resumo sobre de que é, as súas funcións e os derradeiros datos do seu «Barómetro».



O *Convenio do Consello de Europa sobre o Acceso aos Documentos Públicos* de 2009 considera que «a transparencia das autoridades públicas nunha sociedade democrática e pluralista» é importante xa que o exercicio do dereito de acceso aos documentos públicos:

- Proporciona unha fonte de información para o público.
- Axuda ao público a formarse unha opinión sobre o estado da sociedade e sobre as autoridades públicas.
- Fomenta a integridade, a eficacia, a eficiencia e a responsabilidade de autoridades públicas, axudando así a que se afirme a súa lexitimidade.

Aínda hai diversas iniciativas para potenciar a esixencia de transparencia á administración e aos poderes do Estado, España aínda non se adheriu a ese Convenio.

Pero en 2012, o Goberno comezou a tramitación da *Lei de transparencia e acceso dos cidadáns á información pública* que terá como obxecto regular o procedemento de acceso á información pública e establecer mecanismos para garantir a transparencia da administración e dos poderes do Estado, aínda que, de momento, a Casa Real queda fóra do ámbito da súa actuación.

Actividades

1. ¿Cres que o aproveitamento de Internet mellora a democracia participativa? Debatede en pequenos grupos iniciativas que poderían facilitar a participación cidadá e a difusión da opinión pública.
2. Pensa e responde: ¿é posible a opinión pública sen liberdade de prensa, de reunión, de manifestación, de expresión? ¿Por que?
3. Busca exemplos de mobilizacións convocadas a través de novas tecnoloxías de comunicación (mensaxes de móbil, *chats*, *twitter*, etc.). ¿Que influencia poden ter na creación de opinión pública?
4. Nos procesos electorais está prohibida a difusión de sondaxes unha semana antes do día electoral. Reflexiona e analiza a relación entre democracia, opinión pública e manipulación.
5. ¿Que relación hai entre «opinión pública» e «transparencia na xestión pública»?
6. ¿Que materias cres que deberían excluírse do acceso público á información? Formade grupos de traballo e elaborade unha lista. Despois, contrastade as vosas ideas cos límites expostos en http://www.access-info.org/documents/Access_Docs/Advancing/Council_of_Europe/Convention_on_Access_to_Official_Documents_CofE_es.pdf
7. Consulta o Portal de Transparencia Pública (www.transparencia.org.es) e busca datos sobre España en «Índice de percepción de corrupción». ¿Que posición ocupa o noso país na percepción de transparencia? Comproba se mellorou ou empeorou con respecto a anos anteriores.



4 A SOLIDARIEDADE NO ESTADO ESPAÑOL

España é un estado social e democrático de dereito e está obrigado a presentar un sistema de protección social. Do noso sistema de protección social xa tiveches noticia na Unidade 4 e agora valo coñecer un pouco mellor en dúas das súas dimensións máis importantes: o sistema de **Seguridade Social e os dereitos laborais, entre os que se inclúe o dereito de conciliación da vida laboral e familiar.**

4.1. A SEGURIDADE SOCIAL

É a protección dada pola sociedade aos seus membros mediante medidas públicas que os axudan en circunstancias vitais, laborais e económicas adversas como desemprego, enfermidade ou vexez. As medidas son diversas: prestacións económicas, asistencia sanitaria e social, etc.

En España, o sistema de Seguridade Social da **cobertura** a un amplo espectro de situacións, entre as que cabe destacar:

- Asistencia sanitaria (atención primaria e hospitalaria).
- Reeducación e rehabilitación de minusválidos.
- Asistencia á terceira idade.
- Prestacións económicas en casos de incapacidade temporal, orfandade, viuvez, invalidez, xubilación, desemprego, etc.

Estas prestacións denomínanse, na maioría dos casos, pensións. O sistema español de pensións é un **sistema de reparto** que se basea na solidariedade interxeneracional e na redistribución da riqueza. «De reparto» significa que os ocupados na actualidade financian as pensións do momento, cumprindo así o pacto implícito entre xeracións, e gañan o seu dereito a unha futura **pensión contributiva** (aquela que esixe unha cotización previa por parte do beneficiario). A redistribución da riqueza faise patente coa existencia de **pensións non contributivas**, como, por exemplo, pensións de xubilación ou invalidez.

A **financiamento** das pensións, en particular, e da Seguridade Social, en xeral, corre a cargo das contribucións dos traballadores, das empresas, e das achegas públicas (procedentes dos Presupostos Xerais do Estado e dos das Comunidades Autónomas). A universalización dos dereitos sociais, o envellecemento da poboación, situacións de **paro estrutural** e intereses de empresas privadas alimentan o debate sobre a **sostenibilidade** do sistema público de pensións. As solucións ofertadas varían: dende a restrición do acceso á protección social (caso da atención sanitaria a inmigrantes en situación irregular) ou a diminución de prestacións, á proposta dun **sistema de pensións de capitalización** no que os traballadores aforran ata xerar un fondo que lles costeará as súas propias xubilacións ou, incluso, **modelos mixtos**.

Claves de lectura

1. ¿Que entendemos por Seguridade Social?
2. ¿Cales son os principais ámbitos nos que se desenvolve a protección social no noso país?
3. ¿Cales son as bases do sistema español de pensións?
4. ¿Que dereitos laborais recoñece a nosa Constitución?

Busca no texto as claves para responder.



Sabías que...

Segundo datos do Instituto Nacional da Seguridade Social, en 2005 o 95,23 % das excedencias por coidado dos fillos foron solicitados por mulleres.

A conciencia de que maternidade e responsabilidades familiares constitúen un obstáculo para a permanencia e promoción da muller no traballo son unha das fontes de inspiración da **Lei Orgánica para a Igualdade efectiva das mulleres e homes**.

4.2. OS DEREITOS LABORAIS E O DEREITO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

A Constitución española reconece, no ámbito laboral, como **dereitos fundamentais**, é dicir, como dereitos que obrigan aos poderes públicos e só poden regularse por lei:

- **A liberdade sindical:** a liberdade dos traballadores para a formación de sindicatos (tes información na Unidade 5).
- **O dereito de folga:** definida pola RAE como «a interrupción colectiva da actividade laboral por parte dos traballadores co fin de reivindicar certas condicións ou manifestar unha protesta».

A nosa lei fundamental tamén reconece o deber e o dereito ao traballo, á liberdade de empresa, á libre elección de profesión ou oficio, a unha remuneración suficiente, á negociación colectiva e á adopción de medidas de conflito colectivo.

Finalmente, entre os **principios reitores da política social e económica** (principios que inspiran as leis e as prácticas dos poderes públicos), a Constitución establece, ademais do deber de manter un réxime público de Seguridade Social, estes deberes:

- Realizar políticas orientadas ao pleno emprego.
- Velar pola seguridade e hixiene no traballo.
- Garantir o descanso necesario coa limitación da xornada.
- Vacacións retribuídas.
- Fomentar a formación e readaptación profesional.

Por outra parte, a progresiva incorporación da muller ao traballo puxo de manifesto a necesidade de **conciliación da vida persoal, familiar e laboral**, o que levou ao noso país a establecer por lei permisos coma os de lactancia, acollemento familiar, redución de xornada laboral a quen teña ao seu cargo menores de oito anos (ou persoas con minusvalía que non desempeñen unha actividade retribuída), e de vacacións non desfrutada por maternidade.

Actividades

1. Repasa a Declaración Universal de Dereitos Humanos das páxinas 34-35 do teu libro. ¿Que artigos garanten a Seguridade Social e as proteccións que lle son propias? ¿Que limitacións ao exercicio deses dereitos se reconecen? ¿Quen son os protexidos por eses dereitos? Elabora, a partir das respostas, unha reflexión sobre o dereito universal á atención sanitaria.
2. Le as seguintes descrições dun sistema de pensións e indica se son propias dun sistema de reparto ou de capitalización.
 - O sistema de pensións depende, sobre todo, da demografía.
 - As pensións poden revalorizarse ou depreciarse en función das inversións realizadas.
 - O sistema de pensións depende de decisións políticas, como a conxelación ou depreciación das propias pensións.
 - A xestión administrativa do sistema de pensións ten para o cotizante custos moi elevados.
 - As pensións están garantidas lexislativamente.
3. Descubre se tes dereito a folga e en que condicións.



2 CONFLICTOS E DEREITOS

1 OS CONFLICTOS ARMADOS NO MUNDO ACTUAL

A imaxe tradicional duns países enfrontados, cos seus correspondentes exércitos, resulta insuficiente para describir a natureza dos conflitos armados do mundo na actualidade. Tanto é así que a condición clásica para o recoñecemento do estado de guerra, a declaración formal desta entre dous ou máis Estados, pasou a un segundo plano. Hoxe en día existen numerosos conflitos armados nos que os protagonistas xa non son só Estados, senón que estes se verían en loita con grupos violentos internos ou externos, ou ben a disputa realizaríase entre grupos, sen a participación dun Estado. Aínda que algúns analistas considerarían todos estes casos coma conflitos bélicos, o Instituto Sueco de Investigación da Paz Internacional define a guerra (do xermánico *'werra'*) como:

- un conflito que enfronta **polo menos a unha forza militar** con outro ou outros exércitos, ou cunha forza insurxente, e
- nese conflito **morreron polo menos mil persoas**.

Se profundamos un pouco máis na **natureza** dos conflitos armados contemporáneos, atopámonos cos seguintes trazos distintivos:

a) Abundancia de conflitos armados intraestatais, nos que a violencia está territorializada. A devandita situación é, nalgúns casos, caracterizada polos analistas como propia de **Estados falidos**: estados que, tras perder o monopolio lexítimo da violencia, pola presenza de grupos armados que operan dentro das súas fronteiras, carecen do control sobre o seu territorio, da capacidade de protexer á súa cidadanía e prestar os servizos públicos básicos, ademais de estar gobernados por elites corruptas que xa non teñen lexitimidade ante amplos sectores da súa poboación.

b) Estratexias orientadas contra a poboación civil. Na Segunda Guerra Mundial a proporción de vítimas civís foi do 66 %. Na actualidade a cifra ascende ata o 80 ou 90 %. Os métodos empregados son dunha inhumanidade absoluta: xenocidio, secuestros, mutilacións, violacións masivas de mulleres, execucións sumarias, recrutamento forzoso de menores, destrución consciente da natureza, etc.; en definitiva, o horror en formas múltiples e variadas. De exercerse este horror nunha situación de guerra, tipifícase, nun sentido amplo, coma **crime de guerra**. De non darse nunha situación de guerra, denomínase **terrorismo** e pode definirse coma o emprego do terror coma medio, contido e fin das mensaxes dun grupo ou dun Estado (terrorismo de Estado).

Claves de lectura

1. ¿Que se entende por guerra?
2. ¿Cales son as características dos conflitos armados contemporáneos?
3. ¿Que factores inflúen na orixe dun conflito armado?
4. ¿Que normas e tribunais protexen os dereitos en caso de paz? ¿E en casos de conflito armado?

Busca no texto as claves para responder.

Diversidade de conflitos

O especialista en estudos sobre a paz Viçens Frisas diferencia os seguintes actores de conflitos na actualidade, ademais dos exércitos: guerrillas, paramilitares, narcotraficantes, milicias armadas, grupos integristas violentos, sicarios, bandas rivais, clans armados, grupos de seguridade privados, grupos políticos armados, terroristas de grupo e na rede, nenos soldado, mafias, traficantes de armas, etc.





¿Hai guerras xustas?

A noción de **guerra xusta** ten que ver tanto cos motivos coma cos métodos empregados. Historicamente pensouse dende: a causa (se é xusta), a autoridade que a declara (se é lexítima) e a intención que persegue (se é recta) e está vinculada ao rexurdir do dereito internacional humanitario.

Os seus **partidarios** enténdena coma unha guerra de defensa, aínda que é problemático definir cal é o alcance desta.

Os seus **detractores** argumentan dende a experiencia das guerras mundiais, a posibilidade da destrución nuclear e a crueza das súas consecuencias.

En calquera caso, hai cerca unanimidade no recoñecemento de que o emprego de armas de destrución masiva, a falta de respecto aos prisioneiros, as guerras preventivas e as que busquen danar á poboación civil son guerras inxustas.

Entre os **factores** que poden desencadear un conflito están:

- A loita polo poder político e/ou polo control dos recursos económicos (diamantes, petróleo, etc.).
- A exclusión e marxinación política dalgúns rexións, o que implica fortes discrepancias en torno á estruturación do Estado.
- A inxustiza social.
- A colonización demográfica.
- O militarismo (ideoloxía que concibe a forza militar coma fonte de toda seguridade).
- A falta de democracia.
- As ideoloxías que promoven unha sobrevaloración da propia identidade como nación, buscan a súa afirmación como Estado e rexeitan a pluralidade no seu seo, o que provoca a discriminación, expulsión e/ou aniquilación das minorías (véxase a Unidade 6, apartado 3).
- O fanatismo relixioso: exaltación dun conxunto de dogmas relixiosos, tomados como absolutos, que leva á esixencia intransixente de sometemento a eles (véxase Unidade 6, apartado 5).

2 OS DEREITOS HUMANOS NA GUERRA E NA PAZ

A protección dos Dereitos Humanos en tempo de paz deu lugar á firma de importantes pactos e convenios internacionais. Ademais da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que estudaches na Unidade 2, debes coñecer a existencia, dentro do sistema das Nacións Unidas, do **Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos (PIDCP)** de 1966 e, dentro do sistema europeo, do **Convenio para a protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais (CEDH)** de 1950.

- No PIDCP os Estados asinantes comprométense a garantir a creación das condicións necesarias para permitir ás persoas gozar dos dereitos cívís e políticos ou reclamar xudicialmente se consideran que foron violados. Tamén establece a constitución dun Comité de Dereitos Humanos, que informará a Nacións Unidas e aos Estados sobre a realización efectiva das medidas comprometidas polos asinantes.
- No **CEDH** os asinantes europeos recoñecen a toda persoa dependente da súa xurisdición unha serie de dereitos (entre outros o dereito á vida, liberdade, seguridade, a un proceso equitativo, a que non haxa pena sen lei, a contraer matrimonio, á liberdade de expresión, reunión e manifestación, á vida privada e familiar), prohiben a discriminación, o traballo forzado, a tortura e a escravitude, ao tempo que establecen un Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que atenderá tanto demandas individuais coma dos estados en relación co quebrantamento dos dereitos recoñecidos no convenio ou nos seus protocolos adicionais.





En caso de conflito armado, as normas que rexen son as do **dereito internacional humanitario**. As Convencións de Xenebra son o intento de codificación dunha serie de normas destinadas a «humanizar» a guerra. Consisten nunha serie de tratados internacionais, firmados entre 1864 e 1949, que buscan limitar a violencia da guerra con normas que estipulan os medios e métodos de combate e que protexen á poboación civil, enfermos, prisioneiros de guerra, etc. Despois da Segunda Guerra Mundial creouse o Tribunal de Núremberg para xulgar os crimes nazis. A tipificación dos delitos e abusos feita por ese tribunal representou un avance xurídico que foi aproveitado posteriormente polas Nacións Unidas nos tribunais ad hoc (creados para resolver casos individuais).

Os países asinantes do Estatuto de Roma constituíron o tribunal permanente da **Corte Penal Internacional** (1998), que xulga os delitos de:

- **Xenocidio:** un conxunto de actos tipificados que se perpetran coa intención de destruír parcial ou totalmente a un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso como tal.
- **Crimes contra a humanidade:** realización consciente e sistemática de actos inhumanos contra unha poboación civil.
- **Crimes de guerra:** violación dos convenios de Xenebra e outros relativos ao dereito nos conflitos armados.
- **Crimes de agresión:** uso da forza armada por un Estado contra outro en formas incompatibles coa Carta de Nacións Unidas.

Actividades

1. Consulta o Pacto Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos e compárao coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos. ¿Que diferenzas observas?
2. En grupos, buscade información sobre os actos que son tipificados coma xenocidio, crimes de guerra, crimes contra a humanidade e de agresión. Atopade un exemplo histórico de cada un deles e expoñédeo ao resto da clase.
3. Consulta o informe do Comité Internacional da Cruz Vermella sobre o terrorismo como desafío contemporáneo do Dereito Internacional Humanitario en <http://www.icrc.org/spa/war-and-law/contemporarychallenges-for-ihl/terrorism/overview-terrorism.htm>. ¿Por que non debemos confundir o tratamento xurídico dos crimes de guerra e os delitos de terrorismo?
4. Consulta se potencias como Estados Unidos, Rusia ou China ratificaron o Estatuto de Roma que reconece a xurisdición da Corte Penal Internacional. Podes facelo en <http://www.iccnw.org/?mod=region&idureg=4>. En caso negativo, ¿que consecuencias cres que ten para a persecución dos delitos que puideron cometer os exércitos deses Estados?
5. Elabora unha redacción na que expoñas razoadamente a túa opinión sobre a posibilidade de que haxa guerras xustas e, en caso afirmativo, especifica as súas condicións.





3 NOVAS FORMAS DE RELACIÓN E OCIO

Por un uso racional das novas tecnoloxías

Cando usas a conexión a Internet, a *tablet*, o móbil, as consolas de xogos, etc., podes acabar dependendo de eles. Trata de analizar a túa conduta para comprobar se empregas eses medios de modo racional:

- ◆ ¿Sentese a necesidade de aumentar o tempo de uso deses medios para obter satisfacción?
- ◆ ¿Intentaches repetidas veces controlar ou diminuír o seu uso sen éxito?
- ◆ ¿Acabaches de mal humor ou irritable canto te obrigaron a deixar eses medios?
- ◆ ¿Conéctaste máis tempo do que pensaras?
- ◆ ¿Perdiches ou puxeches en perigo algunha amizade ou oportunidade de diversión por dedicar tempo a eses medios?
- ◆ ¿Mentiches á túa familia ou amigos para satisfacer o teu desexo de conectarte a eses medios?

1 OCIO, SAÚDE E USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Supoñemos que es consciente da importancia de coidar da túa saúde e coñeces que hábitos debes cultivar e manter para levar unha vida saudable e sentirte ben contigo. Seguro que:

- Fas exercicio con regularidade.
- Comes axeitadamente (incluído o almorzo).
- Non consumes drogas (tabaco, «cigarros da risa», pastillas, alcohol...) porque che importa moito o teu benestar real e controlar a túa propia vida e os teus intereses.
- Dormes as horas necesarias para descansar.

E probablemente, ademais de estudar, tes tempo para o teu ocio, que pode estar propiciado por tecnoloxías que dominas e que incluso te axudan a relacionarte coas túas amizades. Reflexiona un pouco sobre o uso que das a esa tecnoloxía:

- Os **chats** (messenger, whatsapp, chaton...) ou as **mensaxes de correo** electrónico son moi útiles para manter contacto con amizades a distancia, mais tamén para crear outras novas que non viches en persoa e tontear con mozas e mozos descoñecidos, etc. Pode ser divertido, sen dúbida, mais lembra que:
 - É moi importante protexer a túa privacidade contra usos indeseables dos teus datos particulares: non facilites información persoal que permita a túa identificación, nin envíes fotos persoais (e aínda menos doutras persoas). Os amigos poden poñerse a mal e darlle un mal uso a esa información.
 - Cando non ves en directo a unha persoa, nada lle impide finxir ser quen non se é con diversas intencións, seguramente diferentes das confesadas.
 - Debes ser moi prudente. Xa sabes que o que se colga na Internet pode quedar exposto ao público. Trátase de desfrutar, non de que poidas acabar con problemas.
- Os videoxogos, consolas e xogos de ordenador deben estar ao servizo do teu benestar. Por tanto:
 - Planifica, en primeiro lugar, o teu tempo de estudo e, despois, o tempo de ocio que vas dedicar aos videoxogos. É máis doado animarte a completar a tarefa escolar coa expectativa dun rato de diversión que abandonar unha partida para porte a estudar.
 - Establece un tempo de xogo e non o superes. A túa vida é moito máis rica que alcanzar un certo nivel nunha máquina.





- Non te embarques nunha partida se sentes cansazo e abandona ou reduce o tempo se aprecias comportamentos agresivos. O xogo debe distraerte, non cambiar o teu comportamento.
- Descansa regularmente para que non sufras fatiga visual: o ideal son 15 minutos cada hora de xogo.

En todo caso, aínda que poidas xogar na rede e compartir diversión coas túas amizades, ten en conta que os xogos a distancia e a comunicación virtual non poden substituír ao trato directo e persoal, nin a actividade física ao aire libre. Facer deporte, saír cos amigos e partillar outras actividades resultarache igual de gratificante ou máis.

2 A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

A contaminación acústica é o **exceso de son** (non ten porque ser ruído inharmónico ou claramente desagradable) **que afecta as condicións normais dun determinado medio**. Este tipo de contaminación diferénciase das que estudaches na Unidade 7 en que non é acumulable nin permanece no tempo. Non obstante, os seus efectos poden resultar tamén moi perniciosos para a calidade de vida das persoas.

As fontes da contaminación acústica están relacionadas directamente coa **actividade humana**:

- O transporte terrestre por calzadas, ferroviario e aéreo.
- As actividades industriais e comerciais.
- A construción e mantemento de edificios e infraestruturas.
- As tarefas e rutinas domésticas (aspiradores, televisores...).
- As actividades de ocio (encontros deportivos, festas, celebracións...).

A intensidade do son mídese en decibelios (dB). Esta é a escala máis habitual de clasificación do son segundo a súa intensidade:

- **Moi baixo ou silencioso**: de 0 (nivel mínimo de audición) a 30 dB.
- **Baixo**: entre 30-55 dB. A Organización Mundial da Saúde (OMS), considera os 50 dB coma o límite superior desexable, a partir do cal poden aparecer molestias.
- **Ruidoso**: a partir de 55-80 dB. É o rango dos riscos moderados. Os 80dB considéranse o nivel máximo de seguridade.
- **Moi ruidoso**: dende 80 a 140. Riscos moi graves para a saúde. Cando se superan os 125 dB pásase a niveis dolorosos, e a barreira da dor chega aos 140 dB.

Estas son algunhas cifras de niveis de ruído: canto dun paxaro: 10 dB; conversación normal: 50 dB, aspirador doméstico: 65 dB; ambiente de oficina: 70 dB; tráfico urbano: 85 dB; bucina de automóbil: 90 dB; camiión do lixo: 100 dB; música en discoteca: 110 dB; moto sen silenciador: 115 dB; martelo neumático: 120 dB; despegue de avión: 130 dB.



A contaminación acústica non é unha simple molestia que remata cando cesa a súa causa. Pode **afectar á saúde**, de modo que, cando se detectan os síntomas, xa se produciron trastornos no organismo. A exposición prolongada e recorrente a máis de 90 dB pode ocasionar a perda da audición (hipoacusia ou xordeira), que non acostuma ser dolorosa, senón progresiva: taponamento de ouvidos, zumbidos, dificultade para percibir tons altos, dificultade para apreciar tons baixos).

Pero os efectos da contaminación acústica non inciden só na capacidade auditiva, senón que poden ter outras consecuencias sobre a saúde: trastornos fisiolóxicos, coma o aumento da tensión arterial; alteracións do sono e do descanso, que repercuten na capacidade de atención e concentración; cansazo e somnolencia; irritabilidade, estrés e condutas agresivas.

É certo que a contaminación acústica fai referencia ás molestias medioambientais ocasionadas polo ruído. Mais non debes esquecer que tamén consiste na túa saúde persoal: aínda que non afectes aos demais coa túa conduta, debes cuestionarte se podes estar afectando á túa saúde. Por exemplo, a música en cascos e auriculares acostuma producir no teu oído un nivel de 85 dB ou superior. Comproba en que nivel se atopa ese valor: ¿canto tempo cres que poderás manter ese hábito sen que acabe por prexudicar á túa saúde?

Actividades

1. ¿Sabes como pode afectar o consumo de drogas á túa vida real? Realízade por grupos senllos informes nos que expoñades ao resto da clase estes puntos esenciais:

- Que son as drogas e cales son as máis habituais.
- Que consecuencias ten o consumo de drogas.
- Que ideas falsas hai arredor do consumo de drogas (do tipo «eu controlo», «sen drogas non hai diversión», etc).

Infórmate nestas direccións:

<http://proyectohombre.es>

www.fad.es

www.hablemosdedrogas.org

www.pnsd.msc.es

Tras as exposicións dos traballos, debatede sobre os riscos que acarrea o seu consumo para a saúde dos consumidores e para as relacións coa familia e os amigos.

2. Formade grupos e facede unha posta en común sobre os vosos hábitos de consumo de novas tecnoloxías no ocio:

- ¿Que tecnoloxías empregades: ordenador, tablet, consolas de xogo, móbil?
- ¿Cal é o principal uso que lles dades: estudo, traballos de clase, charla con amigos, coñecer novas persoas, xogos en solitario, xogos na rede?
- ¿Canto tempo dedicas a estas tecnoloxías?
- ¿Canto tempo dedicas ás actividades do punto 2 sen esa tecnoloxía?
- ¿Ponde os resultados en común e sacade consecuencias: ¿facilítanvos a vida ou apreciades signos de adición?



3. Le o seguinte texto e contesta as cuestións:

«O ruído excesivo quítanos oito meses de vida»

O xerente da Asociación Española para a Calidade Acústica (Aecor), Felipe Merino, explicou a ABC.es o dano que produce na nosa saúde o exceso de ruído, un tipo de contaminación ambiental co que convivimos a diario. Merino advirte, «hai estudos que afirman que debido ao ruído excesivo cada persoa perde 8,2 meses de vida». A Organización Mundial da Saúde (OMS) achaca aos factores ambientais a morte dun de cada cinco europeos. Despois da contaminación do aire, o exceso de ruído é a segunda das causas máis nocivas.

«Co paso do tempo, o non desfrutar dun bo descanso provoca estrés prolongado e fatiga. Ademais, ao final xorden problemas de insomnio, taquicardia, e incluso o sangue pódese espesar, dificultándose a súa circulación polo corpo», asegura o responsable de Aecor. Merino recorda tamén que «é moi perigoso non descansar ben se se traballa con determinados produtos ou maquinaria». [...]

As políticas medioambientais nas que grandes cidades españolas promoven o uso do transporte público e a bicicleta,

mais dende algunhas organizacións ecoloxistas criticase que moitas desas políticas contra a contaminación acústica están centradas nas discotecas e zonas de ocio nocturno, e descoidan outras partes da cidade e outras fontes de ruído. Merino advirte, «suponse que a maioría de queixas cidadás van contra o ruído que se produce nos centros de ocio, coma as discotecas, mais isto non é certo, a mocidade que se divirte na rúa é a fonte do ruído. Unha discoteca ben insonorizada non supón un problema para o veciño». En calquera caso, as principais fontes de ruído nas cidades son o tráfico e as obras. [...] Segundo un estudo da OMS, España é o segundo país máis ruidoso do mundo. Só os xaponeses teñen que soportar a diario máis ruído ca os españois. Os expertos en acústica recordan que os ruídos que superan os 70 dB provocan danos na saúde. E a Axencia Europea de Medio Ambiente indica que o risco para a saúde que supón a contaminación acústica é «moi superior aos do tabaquismo pasivo e a contaminación de aire por ozono e partículas, temas que reciben maior atención polas administracións».

GUILLERMO LLONA

ABC (6/05/2012)

(Texto traducido ao galego)

- a) ¿Cales son os danos que se derivan da contaminación acústica segundo este artigo?
 - b) ¿Que lugar ocupa a acústica entre as contaminacións máis perigosas en Europa?
 - c) ¿Que denuncian respectivamente os ecoloxistas e a Axencia Europea do Medio Ambiente sobre as actuacións da administración pública contra a contaminación acústica?
4. Formade grupos e tratade de imaxinar que zonas e servizos da vosa cidade deberían estar protexidas especialmente contra a contaminación acústica (centros de saúde, bibliotecas...). Elaborade un esquema no que expoñades:
- As razóns desa protección.
 - As posibles fontes de contaminación.
 - As medidas para combater ou prever a contaminación acústica.
5. Visita a páxina web do teu Concello e comproba se o seu municipio conta con ordenanzas que regulen o ruído e adoptan medidas de protección contra a contaminación acústica.






Xoves Cidadan@s

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos



**Novos
Contidos 2012**



Javier Pérez Carrasco
Carmen Díaz Otero
José Manuel Díaz Fleitas

PEARSON

